

Boletín CAIA 06

febreiro 2024



Propostas de infancia: eleccións autonómicas 2024

Dende a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia e con motivo das vindeiras eleccións autonómicas lanzan propostas, ós diferentes partidos políticos, sobre cuestións que deberían incorporar nos programas electorais sobre a infancia.



Infancia, discapacidade e protección fronte á violencia

A experta Sonja Uhlmann ofrece ferramentas para previr a violencia en nenos e nenas con discapacidade dende un enfoque de dereitos de infancia, de xénero e comunitario. Isto é importante porque a violencia cara a infancia con diversidade funcional é unha temática pouco amentada pero si moi recorrente.



A escalada do conflito, a desnutrición e as enfermidades na Franxa de Gaza crean un "ciclo mortal" que ameaza a máis de 1,1 millóns de niños

"Os nenos e as familias da Franxa de Gaza seguen morrendo e resultando feridos, e as súas vidas corren cada vez máis perigo debido ás enfermidades e a falta de alimentos e auga.

Todos os nenos e civís deben ser protexidos da violencia e ter acceso a servizos e bens básicos".



A pegada do maltrato infantil

O maltrato cara a infancia e adolescencia pode darse en moitos ámbitos (escola, familia, sanidade...), e o que todos teñen en común son as consecuencias psico-sociais que deixa na vítima. É fundamental ser consciente destas consecuencias na vida cotiá dos/as menores.



Conclusións da COP28: “O noso rol é crucial para a transición ecolóxica”

A COP é a Conferencia das Partes da Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, e na súa 28ª reunión acordaron **por punto final a súa dependencia dos combustibles fósiles** e iniciar unha “transición” cara enerxías renovables e limpas para frear o cambio climático, cuestión que impacta na saúde da infancia e adolescencia de maneira principal.



A cultura do bo trato e como promovela

O concepto de **bo trato**, a efectos da Lei de Protección Integral á Infancia e Adolescencia fronte á Violencia (LOPVI), é aquel que promove activamente os principios de respecto mutuo, dignidade do ser humano, convivencia democrática, solución pacífica de conflitos, dereito a igual protección, igualdade de oportunidades e prohibición de discriminación.



A Lei do Deporte exclúe ás nenas e nenos en situación irregular e solicitantes de asilo deixando a #EquipaIncompleta

Nenos e nenas sen residencia legal en España ou menores solicitantes de asilo teñen que ver xogar ao seu equipo desde o banco, xa que a actual Lei do Deporte impídelles federarse, non podendo así participar en ningunha competición oficial ou actividade federativa.



A Plataforma de Infancia trasládalle a nova Ministra as súas prioridades en materia de infancia

A nova ministra de xuventude e infancia Sira Rego, está a reunirse cas diferentes organizacións que traballan coa infancia e adolescencia para coñecer as súas prioridades.



A Plataforma de Infancia lanza material adaptado para nenos e menos sobre a Observación Xeral 26

A Observación Xeral nº26 (OG26) trata sobre cómo os dereitos da infancia vense afectados pola crisis medioambiental e establece que deben facer os gobernos para defender estes dereitos. Este instrumento será, de aquí en diante, unha guía de referencia para que os Estados fagan efectivo o dereito da infancia a un medio ambiente seguro, limpo e sostible.



A campaña Prioridade Primeira Infancia analiza as necesidades específicas da infancia con discapacidade, a infancia migrante e refuxiada e a infancia xitana

Como xa se expusiera en anteriores boletíns 1 de cada 10 nenos/as ten diversidade funcional polo que é necesario entender que necesidades específicas teñen ditas familias para poder establecer instrumentos de axuda efectivos.

Experiencias noutros territorios



"PAQUE NOS ESCUCHEN"

En Asturias volven a sacar unha revista elaborada polos nenos, nenas e adolescentes. Nela reflíctense as experiencias de participación realizadas no territorio: dos consellos locais, do autonómico, dos centros de menores, etc.



Empoderando ós/ás nenos/as Viaxe cara os dereitos da rapazada e a participación en Hungría.

Bótalle un ollo a este proxecto realizado no distrito de Józsefváros, na cidade de Budapest co obxectivo de fomentar a participación da infancia, trátase de obradoiros interactivos de educación sobre os dereitos da infancia en todas as escolas do distrito.